



## CONCELLO DE BARBADÁS

### BASES QUE REGULAN A INSCRICIÓN NAS LUDOTECAS DE NADAL 2018

As presentes bases regularan o proceso de inscrición nas Ludotecas de Nadal 2018/2019 que terán lugar os días 26, 27 e 28 de decembro de 2018 e 2, 3, 4 de xaneiro de 2019 organizadas polo Concello de Barbadás e o acceso ao mesmo.

Trátase dunha actividade educativa e de animación sociocultural na que se desenvolverán xogos, traballos manuais, expresión plástica, obradorios musicais, de cociña, contacontos, cine, lectura, repartidas en xornadas de catro horas de duración e cunha temática cultural baseada nas tradicións durante as festividades do Nadal.

#### 1. NÚMERO DE PRAZAS E GRUPOS

- Ofértanse:
  - **25 prazas** para rapaces/zas empadroados/as no concello con idades **de 3 a 6 anos** (ámbolos dous incluídos)
  - **25 prazas** para rapaces/zas empadroados/as no concello con idades **de 7 a 14 anos** (ámbolos dous incluídos)
- A adxudicación de prazas realizarase por rigoroso orde de inscrición.
- É obrigatoria a asistencia; dúas faltas sen xustificar darán lugar á baixa na actividade.
- Só se permitirán como xustificantes válidos de falta de asistencia o xustificante médico por enfermidade ou ingreso do alumno ou de familiar co que conviva.

#### 2. PRAZOS E ADXUDICACIÓN

- O **prazo de inscrición** será desde o **11 ao 18 de decembro de 2018** (ámbolos dous incluídos).
- O xoves, 20 de decembro publicarase a listaxe de admitidos para a actividade.

#### 3. INSCRICIÓN

- As inscricións poderán realizarse:
  - De **forma presencial** no Rexistro Xeral do Concello en Barbadás e nas Oficinas Municipais da Valenzá, en horario de 8.30 a 14.30 h, presentado a seguinte documentación:
    - o A folla de inscrición debidamente cumprimentada que se facilitará no Casa Municipal de Xuventude ou que se poderá descargar directamente na páxina web do concello, cuxa sinatura ten os efectos de autorización para a asistencia do menor á actividade.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

- Por **correo certificado**. Deberán ir dirixidas ao seguinte enderezo:

**Concello de Barbadás  
Rúa Cimadevila nº 1  
32890 Barbadás (Ourense)**

- A inscrición é de balde.
- Os datos reflectidos na documentación presentada deberán ser certos na súa totalidade; de non ser así, suporá a baixa automática e a perda de todos os dereitos de participación na actividade.

#### **4. HORARIO DE ACTIVIDADE**

Esta actividade terá lugar en horario de 10:00 ás 14:00 horas da mañá os días 26, 27, 28 de decembro de 2018 e o 2, 3, 4 de xaneiro de 2019.

#### **5. ORGANIZA**

**Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Participación  
Veciñal.**

**Casa Municipal da Xuventude de Barbadás**  
Parque da Solaina s/n, 32002 A Valenzá (Barbadás)

Tel: 988391526

E-mail: [xuventude@barbadas.es](mailto:xuventude@barbadas.es)

[http:// www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)

